

ACTIVIDADES MES DO LIBRO.

➤ CONMEMORACIÓNS:

2 abril: “Día do Libro Infantil e Xuvenil”

23 de abril: “Día do libro e dos Dereitos de Autor”.

➤ VISITA DE AUTORES:

- Anxo Fariña para o 2º e 3º ciclo de primaria. 13 de Abril, no auditorio.
- Contacontos para infantil. 17 de abril, nas dúas primeiras sesión da mañá na biblioteca.
- Abraham Carreiro para 3º ciclo. 17 de abril, despois do recreo na biblioteca.
- Helena Villar Janeiro para o 1º ciclo no mes de maio na biblioteca.

➤ CONCURSO DE CONTOS.

Tema: Escoller algunha obra de arte, ou algún personaxe desa obra e inventar un conto.

Modalidades: **Infantil:** colectivo. **Primaria:** individual.

Bases:

Terá que ser inventado polo alumno/a.

Seguir o tema proposto.

Deberá ir acompañado de polo menos unha ilustración.

Poderá ser escrito a man ou a ordenador.

Empregar só unha cara para que se poida expoñer nos paneis.

Terase en conta orixinalidade, presentación, limpeza ortografía...

Prazo de entrega: 10 de maio.

Os gañadores daranse a coñecer no Acto das Letras Galegas.

- Conta contos dos contos gañadores

Primaria: os contos seleccionados serán contados polo seu autor/a no **Xoves Conto** (ou por alguén que o autor/a elixa). Si algún neno/a non resulta gañador pero quere contar o seu conto que se poña en contacto co equipo de biblioteca.

Infantil tamén contará os seus contos no **Mércores Conto** segundo decidan os titores.



➤ ACTIVIDADES COAS FAMILIAS:

• EU LEO. E TI?

As familias poderán aportar unha foto da familia lendo ou do neno/a lendo, na casa, no parque,... Como somos tantos colocaranse do seguinte xeito:

Infantil: onde está o do xornal. 1º ciclo: no mural do seu corredor. 2º ciclo no pavillón sur onde está o mural de Rianxo. 3º ciclo: ou ben no mesmo mural que o 2º ciclo ou no mural de Roald Dahl.

• PINTAMOS EN FAMILIA.

Actividade de pintar un cadro en familia con calquera técnica. Realizarase en cartolina tamaño folio e deberá aparecer a figura do Quixote. Expoñeranse nos corredores.

ACTIVIDADES PARA CELEBRALO EN FAMILIA
EU LEO. E TI?

As familias poderán aportar unha foto da familia lendo ou do neno/a lendo, na casa, no parque,... Fotografade os vossos momentos ou lugares de lectura favoritos.

PINTAMOS EN FAMILIA.

Realizar un cadro con calquera técnica en cartolina tamaño folio no que deberá aparecer a figura do Quixote.

Expoñeremos todo nos corredores.

DÍA DO LIBRO E DOS DEREITOS DE AUTOR

O 23 de abril naceron ou faleceron importantes autores da Literatura Universal como Cervantes, Shakespeare, Nabokov e Garcilaso. Por este motivo, a UNESCO elixiu este día para homenaxear aos libros e aos seus autores e para animarnos a descubrir o placer da lectura.

➤ **Música:**

Suxerimos que os nenos aprendan cancións nas que se fale de libros como por exemplo:

O libro e/ou Imos contar un conto Tic-tac edit. Kalandraka:

IMOS CONTAR UN CONTO

**[R] Pois, imos contar un conto,
un conto moi especial.
Non sabemos de que trata
mais pronto se saberá.**

Ao mellor é de lobos
Ou tamén doutro animal
Pode ser de sereas
Ou tamén dun paspallás. **[R]**

Teremos ollos abertos,
O cu pegado no chan.



Estaremos moi atentos
para poder imaxinar
o son que fan os paxaros
Tamén as ondas do mar. **[R]**

E se gusta moito o conto,
poderíamos contar
Un segundo e un terceiro,
o cuarto para rematar.

**[R] Pois, imos contar un conto,
un conto moi especial.**

O LIBRO

Eu teño oito anos
e chámome Antón
e gústame ler
libros a montóns.

Ter un libro novo
é unha aventura
e así coñecemos
outras culturas.

Un libro está
sempre comigo
e así pode ser
o meu amigo.

Hai que ter un libro
a carón da cama
para poder ler
toda a semana.

E nas bibliotecas
pódenos prestar
os fermosos libros
que nos fan soñar.

Un libro está
sempre comigo
e así pode ser
o meu amigo.

Eu leo e leo,
así estou ledo
Eu leo de todo
e mesmo de medo.

Libros de aventuras
e outros de acción,
até de misterio
teño no caixón.

Un libro está
sempre comigo
e así pode ser
o meu amigo.



➤ **Cine:**

Teredes películas relacionadas co Quixote na biblioteca.

➤ **CONTACONTOS SEMANA 23 -27 de abril:**


Estase falando con diversos autores de Rianxo como Esther F. Carrodegas, Jesús Costa, Xesús Santos... para que veña cada día un autor á biblioteca no recreo durante esa semana.

➤ **AMIGO INVISIBLE ENTRE PROFESORADO:**

Como tódolos anos, o profesorado que queira poderá participar anotándose no encerado da sala de profesores ata o xoves 19 de abril. Realizarase un sorteo para saber a quen se lle merca o libro o venres 20. O mesmo día do libro haberá unha caixa na sala de mestres onde se deixará o libro cunha nota de para quen é. Abriranse no recreo.

➤ **A XOUBIÑA CASTELAO AGASALLARANOS CUN LIBRO:**

O día 23 aparecerá un libro en cada aula cunha nota. (Ver anexo)



➤ LECTURAS AO SOL.

Si o tempo o permite, o luns 23 “Día do Libro e dos Dereitos de Autor” sairemos a ler por distintos lugares do patio do cole.

Na hora de antes do recreo os grupos A.

Na hora despois do recreo os grupos B.

Na quinta hora os grupos C.

Poden traer o seu libro da casa ou coller un da biblioteca ou da biblioteca de aula.

➤ MALETA AVENTUREIRA DO QUIXOTE

As clases que o desexen recibirán a visita dunha maleta con información sobre o día do libro e algún conto. Cada aula pode engadirlle algún traballo, debuxo, poema, conto,.. elaborado polos nenos. Poderase ter na clase 3 días. E logo entregarse a algún membro do equipo de biblioteca para que visite outra aula.

➤ AGASALLO SORPRESA PARA CADA AULA.

Este colgador aparecerá na porta de cada aula o Día do Libro. Pola parte posterior aparece o resumo das actividades. A imaxe elixida foi deseñada por Luis Seoane.

Enlaces de interese:

Recomendámosvos o seguinte enlace busca de información sobre o día do libro.

<http://www.blogoteca.com/orecantodemik/> ir a día do libro.

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/~29602220/Mi_Caza/Dia_del_Libro3.htm

Actividades para saber máis sobre o Quixote e Miguel de Cervantes

<http://nea.educastur.princast.es/quixote/index2.htm>

Non vos esquezades de animar ós alumnos/as a visitar o blog da nosa biblio:

<http://www.bibliotecacastelao.blogspot.com>

